

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

25
de
NOVEMBRO

DESCOÏDAR
a quen **COÏDA**

é **VIOLENCIA
MACHISTA**

Por un
**Sistema Público Galego
de Atención ás Persoas**


Confederación Intersindical Galega
www.cig.gal


Secretaría das mulleres

Descoidar a quen coida é VIOLENCIA MACHISTA

Que sería de nós sen as persoas que limpan, curan e coidan das persoas enfermas, das crianzas ou das persoas dependentes? Que valor teñen para a sociedade este tipo de funcións cando se converten en profesións? Que valor lles damos cando estes labores son realizados de balde, por persoas da nosa familia ou entorno máis próximo? Son ou non traballos esenciais para a comunidade?

A pandemia derivada da COVID19 puxo de manifesto a **importancia do traballo doméstico e de coidados**. Mais o papel predominante das mulleres como coidadoras no ámbito familiar e traballadoras de atención sanitaria de primeira liña, expuxo ás mulleres de maneira desproporcionada ao coronavirus.

Aínda que a mortalidade foi maior nos homes, o impacto económico e social foi superior no caso das mulleres, ao sermos maioría no sistema sanitario e social. Enfermeiras, xerocultoras, médicas, farmacéuticas, celadoras, persoal de limpeza e cociña, persoal do comercio de alimentación ..., estiveron sobrepuestas ao contaxio, véndose obrigadas a asumir, ademais, unha sobrecarga de traballo físico e psicolóxico.

Paralelamente, tamén estamos maioritariamente empregadas en sectores precarios do mercado laboral (atención en comedores, acompañamento en buses escolares, servizos de conciliación, emprego doméstico, hostalaría, limpeza e comercio...) onde a precariedade se disparou no contexto da crise, coa consecuente perda do emprego e desprotección social, deixando as mulleres nunha situación de maior vulnerabilidade.

E todo isto aconteceu sen que os homes se fixeran cargo das tarefas de coidado de xeito corresponsábel, asumindo nós o peso fundamental do sistema de coidados tanto nos traballos formais (saúde, limpeza, traballo social, comercio de alimentación...) como nos informais (tarefas de coidado do fogar, coidado de persoas dependentes, axuda nas tarefas escolares para manter a educación das crianzas durante a pandemia, por poñer varios exemplos).

O peche dos colexios, dos centros de día, dos centros de atención a persoas con diversidade funcional, xunto coas limitacións de desprazamento e contacto con persoas que habitualmente colaboraban nas tarefas de coidado (maioritariamente as avoas e avós) por mor do confinamento, traducíronse nunha sobrecarga de traballo non remunerado, que asumimos de xeito maioritario as mulleres —afectando especialmente a aquelas que forman parte de familias monoparentais—, en moitos casos véndose obrigadas a reducir en parte ou totalmente a súa xornada e por tanto despoñíndoas de calquera ingreso—, sobrecargando con triplas xornadas as traballadoras esenciais, e aquelas que tiveron —que compaxinar estas responsabilidades co teletraballo, e expoñendo a episodios de violencia (sexual, física e psicolóxica) as vítimas de violencia machista.

Se analizamos os datos económicos, comprobaremos unha maior perda de ingresos e emprego nas mulleres, e un aumento da precariedade na economía submerxida. Isto vai parello a un desequilibrio tamén na resposta á pandemia. A pesar de ser o piar do sistema de coidados, as mulleres non fomos obxecto dunha protección especial durante a crise sanitaria. E pese ao ocorrido, non se puxeron en marcha políticas públicas destinadas a reducir a fenda de xénero, non se reforzaron nin se revalorizaron as profesións relacionadas cos coidados, non se lexislou ningunha medida destinada a garantir os dereitos de coidados das persoas.

Lonxe quedan os aplausos ao persoal sanitario, ás xerocultoras, ou ás traballadoras dos supermercados. Os poderes públicos non adoptaron medidas sociosanitarias nin económicas con perspectiva feminista nin de clase. O capital foi o que xestionou a crise sanitaria e quen ditou a resposta a esta.

Tomáronse medidas urxentes como o peche de colexios, centros de atención a persoas con diversidade funcional, centros de día, e seis meses despois, seguen sen poñerse en marcha permisos retribuídos para aquelas persoas traballadoras que teñan que facerse cargo de persoas enfermas, en corentena ou necesitadas de atención e coidados con carácter urxente. Situación que é especialmente grave no caso do persoal que traballa na sanidade e nos servizos sociosanitarios, maioritariamente feminizados, ao que se lle denega poder facer uso dos mínimos dereitos de conciliación.

Desde a CIG levamos décadas exixindo o recoñecemento e a revalorización do sistema de coidados, instando á mellora das condicións laborais do persoal deste sector, demandando a creación dun **Sistema público galego de servizos de atención ás persoas**, porque os recursos e os servizos sociais teñen que deixar de ser unha actividade residual, socialmente pouco desvalorizada e con condicións de traballo precarias, para pasar a ser considerado un servizo esencial para a cidadanía a prestar pola administración pública galega en condicións de calidade asistencial para as persoas usuarias e con condicións de traballo dignas e estábeis para as persoas traballadoras.

Por todo o exposto convocamos concentracións o **25 de novembro ás 12 horas**, e facemos un chamamento a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego durante a xornada do 25N.

CONCENTRACIÓNS 25 de novembro

- 12h. **A CORUÑA:** Delegación do Goberno, Praza de Ourense, 11
- 12h. **AS PONTES:** Na Praza do Hospital
- 12h. **COMPOSTELA:** Diante do Complexo Administrativo de San Caetano
- 12h. **FERROL:** Diante do Edificio da Xunta
- 12h. **LUGO:** Subdelegación do Goberno, Rúa Armanyá, 10
- 12h. **OURENSE:** Subdelegación do Goberno, Rúa Parque San Lázaro, 1
- 12h. **PONTEVEDRA:** Subdelegación do Goberno, Praza de España, S/N
- 11:30h. **RIBEIRA:** Praza do Concello
- 12h. **VIGO:** Diante do Edificio da Xunta
- 12h. **VILAGARCÍA:** Diante do Servizo Galego de Colocación

Porque descoidar a quen coida é violencia contra as mulleres
É VIOLENCIA MACHISTA